

NORMAS DE CONVIVENCIA



COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO XESUÍTAS-VIGO

Capítulo - I: Obxectivos e finalidades da educación no Colexio Apóstol Santiago

I.1 O obxectivo da nosa educación. Misión, Visión e Valores

I.2 Fins Inspiradores das Normas de Convivencia

Capítulo - II: Dereitos e deberes das persoas que compoñen a Comunidade Educativa.

II.1- Dereitos e deberes das nais, pais ou das titoras e titores legais

II.2- Dereitos e deberes do profesorado

II.3- Dereitos e deberes do Alumnado

II.4- Dereitos e deberes do Persoal de Administración e Servizos.

Capítulo - III: Sobre as Normas de Convivencia do Centro

III.1- Definición e estilo educativo

III.2- Cuestións xerais sobre a toma de decisións.

III.3- Actividades Sociais e de Servizo á Comunidade

III.4- NORMAS DE CONVIVENCIA:

III.4.1. Puntualidade e asistencia ás clases, actividades e actos do centro educativo

III.4.2- Respecto as persoas da comunidade educativa

III.4.3- Respecto ao material do centro e dos compañeiros.

III.4.4- Respecto ás ideas, símbolos e actos

III.4.5- Sobre o coidado externo.

III.4.6- Uso indebido das tecnoloxías da información e comunicación.

III.4.7- Coidado da saúde

III.4.8.- Sobre o dereito a folga dos alumnos maiores de 14 anos (3ºESO)

III.4.9.- Sobre as Normas de Convivencia en Bacharelato

III.4.10- Decálogos de estilo para las aulas.

CAPÍTULO - I:

OBXECTIVOS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN NO COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO

I.1 O obxectivo da nosa educación.

O obxectivo fundamental e a razón de ser do Colexio Apóstol Santiago, da Compañía de Xesús en Vigo, é o crecemento persoal e global dos alumnos, segundo o modelo cristián de vida, desenvolvido no documento *Carácter Propio*. Pretendemos formar “homes e mulleres para e cos demais” “líderes no servizo e na imitación de Cristo Xesús, homes e mulleres competentes, conscientes e comprometidos dende a compaixón”.

MISIÓN. QUE SOMOS?

O Colexio Apóstol Santiago (Xesuítas) é, primeiro de todo, unha comunidade educativa, un grupo de homes e mulleres, xesuítas e laicos, comprometidos e ilusionados coa tarefa de educar. Somos un centro educativo integrado: con niveis educativos de infantil, primaria e secundaria (concertados) e bacharelato (privado) que ofrece ás familias de Vigo dende hai preto de 150 anos unha educación de calidade, dende unha clara inspiración cristiá, na procura da excelencia en todas as dimensións da persoa.

Promovemos unha educación centrada na **atención persoal** ao alumnado e na **acolida da diversidade** ofrecendo, dende unha clara inspiración cristiá, **un modelo de educación de excelencia humanista** enraizado na tradición educativa da Compañía de Xesús. Dende unha **pedagogía de inspiración e tradición ignaciana (PPI: Paradigma Pedagóxico Ignaciano)** que leva o noso alumnado a afondar nos temas (máis aló dos coñecementos), buscando dende a reflexión e a experiencia propia un significado dos mesmos na súa vida para axudar a construír o seu propio proxecto vital.

Nunha estreita colaboración coas familias, compartindo con elas e coa sociedade a responsabilidade de educar as novas xeracións, e cunha ampla oferta de actividades e experiencias en todos os ámbitos de desenvolvemento da persoa, o noso último fin é formar:

Persoas **conscientes, competentes, comprometidas e compasivas**, que medran dende o seu interior e son quen de valorar **o rigor e a calidade** das súas motivacións e razóns para vivir, e relacionarse cos demais e coa sociedade.

Persoas capaces de **comprender e pensar** por si mesmas nas distintas situacións e contextos que se lles presenten, dun xeito conscientemente **intelixente, crítico, universal e transformador**, contribuíndo, dende a **plena liberdade** da súa realización humana, á construción de estruturas sociais máis xustas para todos os homes e mulleres.

Persoas **profundamente humanas**, maduras, autónomas e libres que dende unha **profunda ética**

sexan quen de afrontar as seguintes etapas da súa vida (proxectar o seu desenvolvemento humano e social), con garantías de inserirse na sociedade de forma plena.

Persoas abertas á transcendencia, capaces de dar unha resposta libre de fe a Deus, dende o diálogo e o profundo respecto a outras opcións e crenzas, posibilitando espazos abertos e de encontro entre todos os estamentos sociais e todas as crenzas.

En definitiva, **FORMAR HOMES E MULLERES QUE SEXAN QUEN DE TRABALLAR COS DEMAIS E PARA OS DEMAIS NA PROCURA DUN MUNDO MÁIS XUSTO PARA TODOS, SENDO SENSIBLES E REACCIONANDO COHERENTEMENTE ANTE TODO XEITO DE DESHUMANIZACIÓN.**

VISIÓN. QUE SOÑAMOS?

Aspiramos a seguir sendo un centro con clara identidade cristiá, recoñecido pola súa calidade educativa nun sentido amplo de excelencia humana, aberto e accesible para todos e cun trato atento e acoledor coa diversidade.

Un centro que na busca da excelencia pedagóxica (*magis* ignaciano) aposta por unha constante renovación, actualización e mellora pedagóxica dende a propia e experimentada tradición pedagóxica ignaciana (PPI) e tendo no centro de calquera mellora ou cambio os nosos alumnos, as súas necesidades, o modelo de persoa que queremos formar e a resposta que queremos ofrecer a situación social na que vivimos. Que a nosa sexa unha innovación con sentido; unha renovación pedagóxica para atender con máis calidade e saber dar mellor resposta ao que precisan os nosos alumnos e a sociedade na que vivimos sendo fieis á nosa misión, ao noso proxecto educativo e á nosa tradición pedagóxica.

Queremos ser un colexio con espazos de reflexión e traballo en equipo dos profesionais que traballamos nel, favorecendo o diálogo aberto, a profundidade, o rigor, a calidade e a busca do que máis e mellor sirva aos nosos alumnos e ao noso proxecto educativo.

Desexamos desenvolver cada vez máis pedagogías e modos de traballar que favorezan un trato personalizado e inclusivo para todo o alumnado independentemente das súas necesidades individuais, na busca dunha educación integradora da persoa onde cada alumno poida desenvolver todas as súas potencialidades e competencias: físicas, intelectuais, sociais, artísticas (estéticas) e espirituais; recoñecendo as fortalezas de cada un e construíndo sobre elas, con espazos educativos onde as intelixencias menos presentes no currículo poidan manifestarse e desenvolverse.

Queremos seguir xerando un forte sentido de pertenza e identidade nos profesionais do Centro, nas familias e sobre todo no alumnado, aliñados cun Proxecto Educativo baseado na coherencia, a exemplaridade e o testemuño persoal e institucional de todos os que traballamos no colexio e un diálogo transparente e construtivo entre os distintos membros da comunidade educativa.

Por último, buscamos ser un Colexio inserido na realidade cultural e social do barrio de Teis, da cidade de Vigo, e de Galicia, adaptándonos ás súas necesidades e sendo coñecedores e protagonistas do seu pasado, presente e futuro.

VALORES. ¿QUE VALORES NOS INSPIRAN?

No noso traballo diario, comprometémonos a CULTIVAR e tratar de HARMONIZAR entre si os seguintes valores:

- + Fe. Como apertura á transcendencia, celebrando e expresión da fe cristiá e do evanxeo de Xesús como referencia. Promovendo un diálogo san entre a fe e a cultura actual.
- + Xustiza. Tanto a nivel local como na dimensión global, e como expresión preferente polos máis débiles e necesitados. Propoñemos relacións persoais e laborais xustas.
- + Liberdade. Como máxima expresión de autonomía e iniciativa persoal dende a madurez, a participación responsable e a corresponsabilidade.
- + *MAGIS*. O Magis ignaciano exprésase na procura da excelencia persoal, profesional e na xestión de todos os procesos, na procura da autoesixencia, a mellora continua e o máximo potencial individual do alumnado e cada un profesionais do centro.
- + Esperanza. Porque sen esperanza non hai alegría, nin futuro, nin reconciliación, nin conversión. Porque a esperanza é a que da alento nos momentos de incerteza ou de falta de claridade. Queremos educar persoas esperanzadas co futuro da humanidade, capaces de seguir sempre adiante; e queremos educar dende a esperanza de que cada rapaz e cada rapaza merecen sempre unha oportunidade máis que está por chegar.
- + Capacidade crítica. Para construír unha cidadanía madura, autónoma e corresponsable da sociedade que queremos mellorar, con capacidade de discernir e discriminar en cada momento e situación, e co propósito permanente de sacar o mellor de cada persoa e institución.
- + Creatividade. Buscando diferentes enfoques, mirando dende outros ángulos, traballando o pensamento alternativo, ofrecendo solucións distintas.
- + Coherencia. Construíndo comunidade dende o testemuño persoal e institucional promovendo o compañeirismo, a corresponsabilidade, o respecto, o diálogo e a participación, así coma un bo clima de centro e convivencia.
- + Compromiso. Expresado a través da implicación persoal, do traballo profesional, da xenerosidade, do exemplo e do testemuño
- + **Flexibilidade**. Como expresión máxima da atención persoal tendo en conta as distintas circunstancias de cada persoa, baseado no do principio e fundamento, en tanto en canto, aplicable as distintas necesidades metodolóxicas ou organizativas, buscando sempre a implicación dos alumnos no seu propio proceso de aprendizaxe.

I.2 Fins Inspiradores das Normas de Convivencia

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei de convivencia (LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro) oriéntanse aos seguintes fins que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Fins e principios informadores das normas sobre participación directa das familias no ensino e no proceso educativo.

As normas sobre participación directa das familias e, se é o caso, dos restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo establecidas na lei oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos que garante o punto 5 do artigo 27 da Constitución española e o artigo 118 da Lei orgánica de educación.
- b) A regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e, deses o caso, doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
- c) A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Tendo en conta o anterior e para que o Colexio poida cumprir a súa función educadora e estas Normas de Convivencia teñan sentido, toda a Comunidade Educativa ten que valorar e pór en práctica o respecto, o diálogo e a responsabilidade.

Os pais, nais, titoras ou titores legais, son os primeiros responsables na educación dos seus fillos e teñen o deber de apoiar os esforzos dos educadores do centro, procurando manter un clima educativo respectuoso. Asumen esta responsabilidade ao:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos.

Do mesmo xeito que se lles trata co maior respecto, o **alumnado** debe tratarse con respecto a si mesmos, aos demais e ás súas responsabilidades escolares e cívicas, manifestando ese respecto e esa responsabilidade cando:

- Participan e colaboran na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.
- Respectan a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respectan a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respectan as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservan e fan un correcto uso das instalacións e dos materiais do centro.

- Interveñen, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia do centro docente.
- Seguen as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asisten a clase con puntualidade e co material preciso.

O **profesorado e o resto do persoal** son os encargados de manter a convivencia no centro e esixir que todo o alumnado actúe consonte ás normas establecidas dun modo respectuoso e responsable, que se reflectirá cando:

- Respecten e fagan respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adopten as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaboren activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informen ós pais ou ou tutores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou pupilos, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informen aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

CAPÍTULO - II:

DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS QUE COMPOÑEN A COMUNIDADE EDUCATIVA.

II. 1.- Dereitos e deberes das nais, pais ou das titoras e titores legais

II. 1.1.- Dereitos

As nais e pais e/ou titoras e titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do Equipo Directivo do centro.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no Colexio Apóstol Santiago.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición das medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas que estableza o Colexio Apóstol Santiago e outros procedementos que estableza a Administración educativa.

II. 1.2.- Deberes

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado do Centro.
- b) Coñecer as normas establecidas polo Colexio Apóstol Santiago, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa (compañeiros ou compañeiras e persoal de administración e servizos).
- d) Colaborar co Colexio Apóstol Santiago na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencias dos seus fillos e fillas.

II. 2.- Dereitos e deberes do profesorado

II. 2.1.- Dereitos

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado no que se preserve en todo caso a súa

integridade física e moral.

- c) A participar e recibir a colaboración precisa para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño (DOG 15 xullo de 2011).
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa, ben relacionadas coa convivencia e a mediación, coma co seu traballo como profesor.

II. 2.2.- Deberes

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia do Colexio Apóstol Santiago e a identidade, integridade e dignidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un axeitado ambiente de convivencia e traballo durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, sempre que teña competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, de non ter esa competencia, poñéndoo en coñecementos dos membros do Equipo Directivo do Colexio.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras e titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido polo centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable (ao alumnado e ás súas familias)
- f) Informar aos titores e/ou á dirección do centro, e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

II.3.- Dereitos e deberes do Alumnado

II.3.1.- Dereitos

Recoñécenselle aos alumnos os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoal.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño (DOG 15 xullo de 2011).
- e) A participar na confección das normas de convivencia que rexen o Colexio Apóstol Santiago e na resolución pacífica e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

II. 3.2.- Deberes

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no Colexio, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do Colexio.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa, especialmente dos seus compañeiros e compañeiras.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do Colexio Apóstol Santiago.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais que o Colexio Apóstol Santiago pon a disposición do alumnado.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do Colexio.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe do alumnado.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso para desenvolver o traballo cotiá.

II. 4.- Dereitos e deberes do Persoal de Administración e Servizos.

II. 4.1.- Dereitos

No ámbito da convivencia escolar e dentro do marco legal establecido, ao persoal de administración e de servizos do Colexio Apóstol Santiago recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, a recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa (alumnado, profesorado e nais e pais) e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño (DOG 15 xullo de 2011).

II. 4.2.- Deberes

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar á dirección do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

CAPÍTULO - III:

SOBRE AS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

III. 1.- Definición e estilo educativo

Tendo en conta o noso proxecto educativo, os valores de honradez, xustiza, traballo constante na procura da excelencia en todos os ámbitos, responsabilidade, respecto, colaboración e axuda a todos e en todos os ámbitos serán os que deben impregnar o día a día dos nosos alumnos e do noso Centro.

Os alumnos do Colexio Apóstol Santiago serán alumnos que:

1. Respetarán o traballo dos docentes e todos os traballadores do Centro no seu día a día, así como de aquelas institucións que visiten ou colaboren co Centro Educativo.
2. Traballarán día a día nas aulas e nas actividades do Centro conscientes do enorme esforzo que a sociedade fai por prestar unha educación de calidade e do privilexio que teñen ao poder disfrutar dela.
3. Axudarán aos seus compañeiros, aos mestres, traballadores e persoas responsables das actividades para que haxa nas aulas e nas distintas actividades que o Centro desenvolva (dentro ou fora das súas instalacións), un ambiente favorable de respecto, concentración, escoita e traballo activo; respectando as intervencións dos seus compañeiros así coma as indicacións da(s) persoa(s) encargadas do grupo e/ou das actividades en todos os ámbitos educativos do centro (deportes, paraescolares, convivencias...) independentemente de que se realicen dentro ou fora das súas instalacións.
4. Traerán as aulas e espazos educativos o material preciso para desenvolver as distintas actividades, tendo sempre preparado o material da actividade que lles toca desempregar.
5. Estarán atentos nas aulas e nas distintas actividades que desenvolvan: tomando apuntes e anotacións, realizando as tarefas que lle propoñen e terán unha actitude colaboradora cos seus compañeiros e mestres ou persoas responsables da actividade que facilite unha adecuada realización e un máximo aproveitamento destas actividades.
6. Coidarán o silencio e a orde nos desprazamentos dentro do centro e nas actividades que corresponda tratando de non molestar e interrompir outras actividades e mostrando o máximo respecto polas mesmas.
7. Traballarán para sentirse orgullosos da tarefa e o traballo ben feito na búsqueda da excelencia sen reparar nos esforzos precisos e tratando de mellorar e superarse día a día.
8. Tratarán de axudar sempre aos seus compañeiros tanto nas dificultades que poidan ter nas distintas materias como, e sobre todo, en favorecer que todos os seus compañeiros se sentan cómodos, integrados, comprendidos e partícipes da vida do Centro e dos seus grupos.
9. Serán alumnos atentos aos demais e preocupados porque os seus compañeiros e mestres poidan sentirse cómodos e desenvolver sempre o mellor posible as súas tarefas e responsabilidades. Permanecerán atentos e favorecerán os pequenos detalles que axuden a

este bó clima sabendo que eles son os primeiros protagonistas da vida colexial.

10. En ningún caso farán uso de actitudes impropias que supoñan un engano a si mesmos e os seus compañeiros e mestres, e unha falta á verdade e á xustiza para si mesmos e os demais membros da comunidade educativa (copiar ou plagiar traballos, copiar nos exames, falsificar documentos...)

III. 2.- Cuestións xerais sobre a toma de decisións.

Como principio inspirador, tratando de ser coherentes coa nosa Pedagogía e a nosa concepción da educación, e sempre que as faltas que se produzan así o permitan, empregaremos primeiro como medidas correctoras aquelas que teñan unha compoñente educativa. Mediará sempre o diálogo cos alumnos e unha axeitada e coidada comunicación coas familias.

Calquera decisión que teña que ser tomada será por acordo do equipo de titores e do equipo de convivencia do centro, seguindo o indicado no Plan de Convivencia do Centro.

Ante situacións particulares, ou circunstancias excepcionais, que o Colexio consideren que poñen en risco a boa convivencia no mesmo, que non estean recollidas explicitamente no desenvolvemento desta Normativa, ou que poidan xerar dúbidas na súa interpretación ou gravidade: Quedará a consideración da Dirección Xeral ou en quen esta delegue en cada etapa, a clarificación das mesmas, en tanto en canto que a Lei 4/2011, 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa recoñece a figura de autoridade pública do profesorado no seu Título III, artigo 11.

III. 3.- Actividades Sociais e de Servizo á Comunidade

Cando falamos de actividades ao servizo da comunidade educativa, ou que contribúan á mellora no desenvolvemento das actividades do Centro, poderán ser actividades do tipo que se relacionan a continuación ou calquera outra puntual que se considere axeitada nese momento.

Todas as actividades realizaranse coa supervisión do traballador responsable da actividade nese momento. En ningún caso, os alumnos que participen para a mellora da actividade poden estar sos nen ser responsables da actividade.

Procurarase sempre que a actividade proposta teña que ver coa conducta ou actitude que se pretende mellorar e que xere e inclúa un espazo de reflexión e diálogo co alumno ou alumna coa finalidade de comprobar a mellora ou cambio na súa actitude e manter o achegamento preciso para un bó desenvolvemento da súa formación.

Estas actividades poden ser:

- Tarefas de reparación de dano ás instalacións
 - Limpeza de pupitres
 - Limpeza paredes ou instalacións afectadas.

- Limpeza de patios (recollida de papeis, recollida de follas,...)
- Responsable da limpeza dunha clase ou das clases dun ciclo (recollida de papeis, colocación de cadeiras e outro material...).
- Acompañar ao personal de mantemento do Centro na reparación do dano.

- Tarefas de servizo a comunidade:
 - Apoio, acompañamento e/ou realización de actividades con alumnos máis pequenos no ámbito das aulas, comedor ou paraescolares deportivas e non deportivas. Poden ser actividades dentro ou fóra do horario lectivo.
 - Apoio, axuda ou realización dalgunha actividade puntual no ámbito do coidado e adecuación de espazos interiores ou exteriores.
 - Preparar e impartir algunha sesión que teña que ver coa norma incumprida para alumnos do seu curso ou de cursos inferiores orientada a prevención.
 - Ser responsable do bó uso das aulas de informática.
 - Nos casos de impuntualidade:
 - chegar durante un tempo a determinar uns minutos antes e abrir portas cos mestres responsables.
 - Saír o último durante un tempo pechando as portas co mestre responsable.
 - O primeiro en entrar e o último en saír da aula en todos os intercambios ou recreos.
 - Acompañar nalgún labor de voluntariado
 - Axudar na preparación de actos no colexio (paz, Nadal, festivais...)

Estas medidas están amparadas no DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, que no seu Art 43 no Capítulo III recoñece como posibles medidas correctoras de condutas levemente prexudiciais para a convivencia:

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellorar e desenvolver as actividades do centro.

No caso de que un alumno sexa privado da asistencia ao Centro terá que levar tarefas para facer na casa durante ese tempo. É responsabilidade dos mestres preparar a tarefa e comprobar a volta que estea feita.

III.4- NORMAS DE CONVIVENCIA. ASPECTOS AOS QUE AFECTAN.

O Colexio, para axudar aos alumnos a lograr o crecemento global da persoa e as actitudes e capacidades antes mencionadas, ademais de promover amplamente o desenvolvemento das funcións educativas, académica, pastoral, titorial e paraescolarr, considera conveniente establecer as oportunas Normas de Convivencia polas que se van guiar os nosos alumnos e alumnas e os membros da comunidade educativa, ademais de determinar as condutas contrarias a estas normas e os diferentes niveis de transgresión das mesmas.

Para axudar o cumprimento das normas, cando sexa posible e oportuno se poderá propoñer participar nun proceso de mediación incluso naquelas situacións que non impliquen faltas gravemente prexudiciais para a convivencia:

III.4.1. Puntualidade e asistencia ás clases, actividades e actos do centro educativo

II.4.2- Respecto as persoas da comunidade educativa

III.4.3- Respecto ao material do centro e dos compañeiros.

III.4.4- Respecto ás ideas, símbolos e actos

III.4.5- Sobre o coidado externo.

III.4.6- Uso indebido das tecnoloxías da información e comunicación.

III.4.7- Coidado da saúde

III.4.8.- Sobre a utilización de espazos e tempos.

III.4.9.- Sobre o dereito a folga dos alumnos maiores de 14 anos (3ºESO)

III.4.10.- Sobre as Normas de Convivencia en Bacharelato

III.4.11- Decálogos de estilo para las aulas.

III.4.1. PUNTUALIDADE e ASISTENCIA AS CLASES, ACTIVIDADES E ACTOS DO CENTRO EDUCATIVO.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O Colexio Apóstol Santiago considera a asistencia e a puntualidade coma unha característica fundamental na que se deben educar os seus alumnos, de xeito que sirva para valorar a importancia dos tempos de traballo, e á vez respectar o traballo dos resto dos compañeiros e educadores-profesores.

As nais, pais e titores ou titoras dos alumnos serán os primeiros responsables de velar pola puntualidade dos seus fillos nas primeiras horas da mañá ou da tarde comunicando ao Centro calquera circunstancia que poda facer que os alumnos se atrasen. A comunicación da circunstancia non terá carácter de xustificación agás nas circunstancias que se establecen no protocolo de absentismo escolar.

Prestaremos especial atención as primeiras horas da mañá, da tarde e a incorporación as aulas despois dun tempo de lecer (recreo). En todo caso, teremos en conta as situacións que se consideren responsabilidade individual do alumno e non por circunstancias de organización do Centro alleas a eles.

Sabendo que tanto as familias coma nós debemos velar pola asistencia dos alumnos ás clases ou a calquera acto educativo do centro, os profesores do Centro seguirán con atención dita asistencia, especialmente dos alumnos menores, e deberán anotar, no momento no que se produzan (preferiblemente no transcurso da clase), as faltas de puntualidade ou as ausencias do alumnado a través da plataforma informática empregada polo centro, sendo este un medio de información importante para os propios titores e para os seus pais ou representantes legais.

Os educadores, mestres, monitores e persoal do centro planificará as actividades garantindo sempre que os alumnos poidan chegar coa puntualidade esixida e por suposto que poidan asistir as mesmas. Avisarán dos atrasos que se produzan por causa específica dalgunha actividade e en ningún caso esta circunstancia se considerará falta de puntualidade.

Seguirase neste apartado o “Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, que ten un carácter básico e de referencia, de xeito que cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo á súa realidade.”

Para o seu desenvolvemento e aplicación nos Centros a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias, dita as Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, co propósito de trasladar o protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

SOBRE O ABSENTISMO ESCOLAR E AS FALTAS DE ASISTENCIA XUSTIFICABLES

Considérase **Absentismo Escolar** a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumno en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10 % do horario lectivo mensual. (art. 2.1 Absentismo. Protocolo de absentismo escolar)

PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Considérase **Falta de Asistencia** a clase ou centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación de absentismo escolar (art. 2.3 Falta de asistencia. Protocolo de absentismo escolar).

Terá a consideración de **Falta Xustificable** (art.2.4. Falta xustificable. Protocolo de absentismo escolar) as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións (entendendo por indisposicións circunstancias que xorden excepcionalmente relacionados con enfermidades repentinas), podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos ao mes.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
- f) Aquelas que se deriven de actividades propias que organice o Centro Educativo. Isto non exime alumno da súa pertinente comunicación ao titor ou profesor que corresponda.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

Neste eido, dende o Colexio, sempre respectando os apartados anteriores, e como norma xeral, determinamos que:

1. As faltas de asistencia por motivos médicos ou enfermidade en BACHARELATO, dado a excepcionalidade da etapa e o carácter privado da mesma, deberán ser xustificadas a través dalgún documento que o acredite (cita médica, certificado médico, prescrición médica, ou similar...).
2. No resto das etapas concertadas, rogamos ás familias que para garantir un axeitado e responsable funcionamento do centro, para xustificar unha falta por motivos médicos, de xeito voluntario presenten tamén algún documento que acredite a xustificación da falta (cita médica, certificado médico, prescrición médica, o similar...), especialmente cando esta se prolongue no tempo, e sempre de xeito coherente coa idade dos nenos e nenas.
3. As viaxes familiares ou deportivas xustificadas pola familia, non implicarán o dereito inmediato a repetición dun exame en ningún caso, quedando a determinación do Centro Educativo e da súa Xefatura de Estudos a pertinencia ou non desta repetición.
4. Terá especial gravidade o feito de que un alumno abandone o centro escolar sen permiso dalgún membro da comunidade educativa.

REXISTRO E COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS.

1. Os profesores do Centro seguirán con atención dita asistencia, especialmente dos alumnos menores, e deberán anotar, no momento no que se produzan (preferiblemente no transcurso da clase), as faltas de puntualidade ou as ausencias do alumnado a través da plataforma informática empregada polo centro, sendo este un medio de información importante para os propios titores, a dirección do Centro educativo e para os pais ou representantes legais.

Así mesmo rexistrará se a ausencia ten a consideración de xustificada ou non xustificada.

2. Segundo o Artigo 4 do Protocolo de Absentismo Escolar da Consellería de Educación

“A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando, segundo proceda:

- *Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.*
- *Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.*
- *Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.”*

No caso de enfermidades propias, o colexio admitirá que a xustificación poida facerse tamén a través de documentos como a cita médica ou a prescrición médica ou similar.

3. Sempre e cando sexa posible a nai, pai ou titor legal avisará con antelación da posible falta asistencia do menor xustificando a mesma no mesmo momento en que se incorpore as aulas.
4. Os titores deberán comunicar as faltas de asistencia e aparecerán rexistradas no boletín de información trimestral. A comunicación destas faltas ás nais, pais, e titores legais farase dende a plataforma informática de comunicación coas familias de xeito diario.
5. Cando as faltas de asistencia non son xustificadas:
 - A primeira falta non xustificada:
 - Rexistrarase na plataforma informática do Centro a súa condición de non xustificada.
 - O titor porase en contacto telefónico coa familia co fin de comunicar e coñecer a causa da ausencia.
 - Se as faltas son a clases e non de día lectivo enteiro procederase de igual xeito nas 3 primeiras faltas puntuais as aulas.
 - Se o alumno ten dous días de non asistencia completa ás clases ou un cómputo de horas equivalente en horas soltas e sen xustificar a un 10 % do horario mensual, o titor xunto coa dirección de etapa, poderá abrir un protocolo absentismo escolar e convocará a familia a unha reunión, levantando acta desta reunión na que se procurará buscar unha solución ao problema da non asistencia a clase por parte do alumno ou alumna. (Ref Art 4.4.2 Protocolo de Absentismo)
 - Se a situación continúa, non se soluciona ou se volve repetir deberá avisar inmediatamente a Dirección de Etapa e a Dirección Xeral ou Xefatura de Estudos Xeral do Centro para a iniciación dun Expediente de Absentismo Escolar segundo se establece no Protocolo de Absentismo Escolar de Galicia.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

Considérase falta:

Leve Grao - 1:

- Ata un máximo de 3 faltas illadas de puntualidade non xustificables ao mes.
- A non asistencia inxustificable a clase, ata un máximo de tres horas.

Leve Grao - 2

- A acumulación por reiteración de faltas Leves Grao - 1, sempre e cando non supere o 10% da xornada lectiva mensual do alumnado.
- A non asistencia inxustificada a clase cando esta afecta ao un traballo ou a unha actividade de grupo.

Grave:

- Reiteradas faltas de puntualidade que superen o 10% da xornada lectiva mensual do

alumnado.

- O incumprimento das medidas correctoras, que teñan por finalidade corrixir calquera das ausencias inxustificadas clasificadas dentro dos graos anteriores, poderá dar lugar a consideración de falta grave e polo tanto ao inicio dun expediente disciplinario.

Medidas correctoras

Faltas Leves Grao - 1 :

- Aviso e diálogo co profesor e co titor.
- Aviso á familia telemáticamente mediante mensaxe personalizada no momento no que se produza a primeira falta de puntualidade sen xustificar.
- Recuperación do tempo e as tarefas que durante esa clase ou actividade se realizaron asistindo ao Centro, á Aula de Estudio, fóra do horario lectivo para o seu cumprimento. Neste caso o profesor ou profesores das materias afectadas darán ao alumno e ao profesor encargado desta actividade as tarefas para a súa realización, comunicando á familia, por medio da Plataforma Informática destinada para tal efecto ou calquera outro medio, o horario de asistencia o alumno e a familia.
- Poderá ser nomeado responsable da puntualidade e asistencia a aula durante un período de unha semana. Neste tempo terá que chegar de primeiro as aulas e coidar que a aula estea adecuadamente preparada para comezar as clases.

Faltas Leves Grao - 2

- Entrevista co coordinador, debendo recuperar no centro o tempo e as tarefas que non realizou.
- Poderá ser o responsable da puntualidade na súa aula durante o período dunha semana sendo o primeiro en entrar e o último en saír.
- Se a súa impuntualidade prexudica o traballo dun equipo ou supón un dano para terceiras persoas deberá, ademais de realizar os traballos correspondentes para reparar o dano causado a outras persoas, prestar tamén un servizo en beneficio da comunidade escolar.
- Poderá ser suspendido do dereito de participar nas actividades paraescolares ou complementarias que o Centro considere por un período máximo de ata dúas semanas.
- Poderá ter que realizar algunha das actividades de servizo á comunidade que aparecen definidas neste documento e que contribúan ao desenvolvemento das actividades do dentro.

Faltas Graves:

- Apertura de Protocolo de Absentismo Escolar. Os alumnos e as familias deben saber que a apertura e continuidade dun expediente de absentismo acaba coa súa comunicación a Inspección de Educación e as autoridades do Concello competentes nesta materia.
- Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se

indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

PROTOCOLO PARA SEGUIR CANDO SE PRODUCEN FALTAS OS DÍAS DE EXAMES OU HORAS PREVIAS SEN XUSTIFICACIÓN AXEITADA.

- **Faltas no día anterior (total ou parcial: mañá ou tarde) e/ou nas horas anteriores aos exames:**

Se un alumno falta (total ou parcialmente) o día anterior ou nas horas previas a un exame, sen xustificación axeitada (cita médica, certificado médico, prescrición médica, o similar...) , non se lle permite realizar o exame correspondente no día e horas indicadas, e deberá facelo nos días seguintes, no momento no que o profesor decida, e sen necesidade de aviso previo.

- **Faltas nos días dos exames:**

Cando un alumno falte sen xustificación axeitada a un exame previamente comunicado, non existirá por parte do profesor a obriga de repetilo; ***dito exame farase como norma xeral na recuperación***, salvo que a causa estea suficientemente xustificada e conte con suficiente tempo para a súa corrección.

En Bacharelato, considerando a madurez, o nivel de autonomía dos alumnos, e tratando de traballar cos nosos alumnos dentro dun marco de xustiza e honradez, enténdese por xustificación axeitada as citas médicas xustificadas cunha copia da cita médica (certificado médico, prescrición médica, o similar...). En caso de enfermidade crónica os feitos deberán ser comunicados ó titor sen necesidade de entregar un xustificante médico. Non terán nesta etapa a consideración de falta xustificada de carea a repetición dun exame situacións como: Atrasos, quedarse durmido, malestar xeral ou común,... aínda que a familia o xustifique.

Os alumnos achegarán a debida xustificación coa suficiente antelación, ou nun prazo máximo de dous días lectivos (ou no momento de incorporarse as aulas), a partir do momento da transgresión da norma.

Cando un alumno sexa expulsado do centro, non asistirá a ningunha das actividades (incluído a realización de calquera proba) durante o período que dure a expulsión. Para garantir o dereito á avaliación destes alumnos, se hai exames durante os días que dure a expulsión non os fará nesos días, e poderá facelos cando se incorpore a clase (segundo calendario establecido que lle será entregado ao alumno xunto coa comunicación da expulsión do centro) mantendo en todo caso ó mesmo número de oportunidades de recuperación que o resto do alumnado.

III.4.2.- RESPECTO ENTRE TODAS AS PERSOAS QUE FORMAN A COMUNIDADE EDUCATIVA.

DEFINICIÓN E ESTILO EDUCATIVO

Os profesores e profesoras do Centro, así coma o resto do persoal do centro, cadaquén no seu ámbito, son os encargados de educar en valores, favorecer a aprendizaxe e a adquisición de coñecementos dos alumnos tanto dun xeito individual coma colectivo, organizar os seus grupos e velar pola orde precisa para que calquera proceso de ensinanza-aprendizaxe poida desenvolverse sen atranco de ningún tipo.

Serán ademais os encargados de aplicar as normas de convivencia que lles competen nas diferentes situacións nas que se atopen e os alumnos deberán gardarlles o respecto adecuado, debendo tratarse, alumnos, profesores e resto do persoal do centro, con educación consonte ao traballo que desenvolven.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

Considérase falta:

- Leve Grao - 1:
 - Dirixirse dun xeito illado a un compañeiro ou grupo de compañeiros con termos que se poidan considerar como faltas de respecto (insultos, alcumes), pero que en ningún caso atenten contra a integridade moral (ben con comentarios sexistas, xenófobos ou que afecten ós seus valores, crenzas ou principios básicos).
 - Unha agresión física non reiterada a un compañeiro (un empuurrón, unha cambadela) e que non produza dano físico na persoa afectada.

- Leve Grado - 2:
 - Reiteradas faltas leves de grao 1.
 - O primeiro xesto despectivo, contestación ou acción improcedente ou incorrecta dirixida a calquera persoa traballadora ou colaboradora do Centro Educativo.
 - Unha falta de respecto illada que non atente contra a integridade moral ou física da persoa afectada, sempre e cando se produza por un enfrontamento fortuito ou casual entre a persoa afectada e o infractor.
 - Faltas de respecto nas redes sociais: mensaxes ou imaxes que poidan ser ofensivas ou irrespectuosas coa Institución Educativa ou con algún dos seus membros pero que en ningún caso atenten contra a integridade moral (ben con comentarios sexistas, xenófobos ou que afecten ós seus valores, crenzas ou principios básicos) do ou dos afectados.
 - Dirixirse varias veces ou acotío aos seus compañeiros con termos que se poidan considerar como faltas de respecto (insultos, alcumes).

- Grave:
 - Reiteración de faltas leves.
 - Unha agresión física a calquera membro do persoal do Centro Educativo ou que colabore co mesmo.
 - Falta reiterada de respecto (con insultos, expresións, xestos ou accións incorrectas) a calquera

membro da comunidade educativa.

- Unha falta na que se atente contra a integridade moral (ben con comentarios sexistas, xenófobos ou que afecten ós seus valores, crenzas ou principios básicos) ou física da persoa afectada, ben sexa por un enfrontamento directo ou por medio das redes sociais
- Agresións físicas reiteradas entre iguais.
- Agresión física intencionada, aínda que sexa unha acción illada, e que teña como consecuencia un dano físico importante que implique que o afectado teña que ser trasladado ao médico ou a un centro hospitalario, e poida sufrir calquera tipo de consecuencia que lle afecte, dun xeito máis ou menos temporal, ao desenvolvemento normal da persoa afectada.

Medidas correctoras:

- Leve Grao -1:
 - Aviso do profesor ou persoa traballadora ou colaboradora do Centro e invitación a que pida desculpas á persoa ofendida, e se esta ofensa fose en público as desculpas deberán ser públicas e diálogo co titor e aviso á familia por escrito.
 - Posible suspensión do dereito a participar nalgunha actividade complementaria.
- Leve Grado - 2:
 - Entrevista co coordinador e/ou director da etapa e entrevista coa familia.
 - Posible suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un período non superior a 3 días lectivos.
 - Valorarase como medida na primeira vez o cambio de grupo por un período dunha semana sempre que se produza arrepentimento e petición de perdón antes de tomar a medida excepcional de suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un máximo de 3 días.
 - Poderá ter que realizar actividades de servizo a comunidade definidas anteriormente.
 - De ser o caso procederase a
- Grave: Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.
Independentemente da gravidade da falta, e cando a situación o aconselle, poderá ser recomendada unha labor de mediación a través de círculos restaurativos, mediación do Equipo de Convivencia, ou intervencións similares adaptadas á situación.

III.4.3 RESPECTO AO MATERIAL DO CENTRO (incluídos os equipos informáticos, cámaras ou software,..) E Á PROPIEDAD DE CALQUERA MEMBRO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

DEFINICIÓN E ESTILO

As aulas ou espazos destinados a realización de actividades estarán adecuadamente ordenadas antes de dar comezo as clases e será responsabilidade dos alumnos a limpeza e a orde dos pupitres, non tendo ningún obxecto tirado no chan; así mesmo deberán ter todo o material preciso para esa clase preparado para cando entre o profesor na aula ou espazo destinado a realización dunha tarefa educativa.

Así mesmo todo o material informático que o Colexio pon a disposición dos alumnos para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe require que estea en condicións axeitadas para poder traballar e desenvolver as clases con normalidade, sen perdas de tempo nin atrancos de ningún tipo. Será tamén responsabilidade do alumnado, sempre baixo a supervisión do profesor, o correcto uso do material informático que está á súa disposición.

Polas mesmas razóns anteriormente expostas, aqueles que empreguen o servizo de autobús ou calquera outro servizo ou material que calquera institución ou servizo poña a disposición dos alumnos do centro para desenvolver actividades escolares ou paraescolares, deberase facer un emprego correcto e en caso de incorrer nalgunha falla deberase avisar ao monitor ou persoa encargada desa actividade.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

Considérase falta

- Leve grado 1:
 - Danos materiais por descoido ou negligencia leve e sen intencionalidade e que supoñan danos as instalacións e materiais de pequena contía (un rato de ordenador, unha cadeira, un cristal...).
 - Subtracción de obxectos de pouco valor (material escolar como regras, gomas, bolígrafo,, etc....
- Leve grado 2:
 - Danos materiais as instalacións ou materiais con intencionalidade ou por negligencia reiterada que supoñan unha contía superior aos anteriores (un ordenador, unha porta,) ou algún dano ou risco de dano sobre as persoas non moi relevante.
 - Subtraccións de obxectos: Reiteración de falta leve grao 1.
- Grave:
 - a reiteración de faltas leves, os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais que supoñan unha contía económica superior aos anteriores casos, así coma os danos, ou riscos de danos, graves sobre as persoas.
 - Subtracción dalgún obxecto de valor importante, ou subtracción de obxectos de pouco valor,

violentando mobles ou instalacións; causar danos graves, intencionadamente ou por uso indebido, en locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.

Medidas correctoras:

- Leve grado 1:
 - Aviso e diálogo co titor, aviso á familia por escrito e pedir desculpas ante o propietario do material achegando a contía necesaria para repoñer o elemento material ao que se lle causaron danos ou que foi subtraído.
 - Realización durante un período non superior a un mes de coidados dos materiais aos que se lle produciron os danos ou doutros que se consideren nese momento (*exemplo: responsable por un período non superior a un mes do uso axeitado das aulas de informática, do material de Educación Física, do axeitado uso dos autobuses...será o último en saír das aulas e comprobar que todo o material está en perfecto estado e no lugar adecuado*).

- Leve grado 2:
 - Entrevista co coordinador e/ou director da etapa; comunicación a familia con entrevista achegando a contía necesaria para repoñer o elemento material danado ou subtraído.
 - Pódese considerar a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro (dende 3º ciclo de Primaria ata Bacharelato) por un período non superior a 3 días lectivos.
 - No caso dos alumnos de Infantil e 1º e 2º ciclo de Primaria cambio de grupo por un período dunha semana, antes de tomar a decisión de suspender o dereito de asistencia ao centro.

- Grave: Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

III.4.4 RESPECTO ÁS IDEAS, SÍMBOLOS E ACTOS RELACIONADOS CO CARÁCTER PROPIO DO CENTRO.

DEFINICIÓN E ESTILO

Do mesmo xeito que o centro e a súa comunidade educativa debe traballar na liña de favorecer un respecto mutuo entre todos os seus membros (profesores, educadores, alumnado, pais) independente da súa ideoloxía, así tamén debe fomentar por todos os medios e con todas as estratexias posibles entre toda a comunidade educativa o respecto a unha idea de colexio que procura unha formación en valores cristiás, entroncados na pedagogía ignaciana da Compañía de Xesús. Polo tanto, debemos traballar para que os nosos alumnos perciban a importancia e o respecto de calquera símbolo e calquera acto.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

Considérase falta:

- Leve Grao - 1:
 - A primeira actuación, pouco importante, de falta de respecto a aspectos relacionados con:
 - O respecto o colexio, ó seu nome e ó seu Proxecto Educativo.
 - O respecto á Compañía de Xesús, o seu nome e ó súa Misión.
 - O respecto ó ideario relixioso do noso centro, como centro educativo cristián e católico
- Leve grado 2:
 - reiteración de falta leve grado 1, ou actuación irrespectuosa importante relacionada con:
 - O respecto o colexio, ó seu nome e ó seu Proxecto Educativo.
 - O respecto á Compañía de Xesús, o seu nome e ó súa Misión.
 - O respecto ó ideario relixioso do noso centro, como centro educativo cristián e católico
- Grave.
 - Reiteración de faltas leves, ou actuación irrespectuosa de moita importancia relacionada con:
 - O respecto o colexio, ó seu nome e ó seu Proxecto Educativo.
 - O respecto á Compañía de Xesús, o seu nome e ó súa Misión.
 - O respecto ó ideario relixioso do noso centro, como centro educativo cristián e católico

Medidas correctoras:

- Leve grado 1:
 - Aviso do mestre e invitación a que pida desculpas en público (se o feito se produce en público) amonestación e diálogo co titor, aviso á familia por escrito.

- Se se considera oportuno suspensión do dereito de participar nalgunha actividade complementaria ou suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período máximo de 3 días lectivos.
- Leve grado 2:
 - Entrevista co coordinador e/ou director da etapa; comunicación a familia con entrevista.
 - Valorarase como medida na primeira vez o cambio de grupo por un período non superior a unha semana sempre que se produza arrepentimento e petición de perdón antes de tomar a medida de privación do dereito de asistencia a clase por un período máximo de tres días.
 - Poderá ter que realizar actividades de servizo a comunidade definidas posteriormente.
- Grave: Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

III.4.5 RESPECTO Ó COIDADADO EXTERNO

DEFINICIÓN E ESTILO EDUCATIVO

Todos os educadores do centro e os pais e nais de alumnos e os propios alumnos velarán por unha correcta orde, limpeza nas aulas e instalacións, un correcto emprego da lingua, así coma unha vestimenta acorde a cada momento e respectuosa cun mesmo e cos demais membros da comunidade educativa, tendo coma obxectivo que os nosos alumnos e fillos vaian educándose e aprendendo a distinguir os xeitos de estar e de se vestir para cada un dos momentos nas súas vidas así coma os diferentes rexistros lingüísticos que deben empregar dependendo da situación na que se atopen. O noso labor é educar e facer entender e comprender que para cada un dos momentos e lugares requírese do uso dun rexistro lingüístico, dunhas normas e dunha vestimenta acorde coa situación.

Corrección no aspecto persoal.

- Ás clases hai que asistir suficientemente aseado, ben sexa ao chegar da casa ou ben despois das clases que impliquen un exercicio físico continuado coma no caso da materia de Educación Física.
- Non se permitirá o uso das prendas, complementos ou bisutería que poidan supor un perigo para a seguridade do alumnado, nin que represente, faga mención ou promova actitudes ou mensaxes ofensivas, racistas ou sexistas, ou que incite ao consumo de drogas; así coma calquera outro elemento que vaia en contra do Carácter Propio do Colexio, especialmente aqueles que polo seu carácter ideolóxico, político ou sociolóxico

poidan supoñer un motivo de enfrontamento, ou atenten contra a lóxica e sana convivencia nun centro educativo.

- Tampouco se considera admisible a vestimenta deportiva (agás na clase de Educación Física ou Actividades Deportivas que terán o seu propio uniforme), ou calquera outra que resulte pouco apropiada pola forma ou polo uso para un centro educativo, por considerarse propia doutras situacións. O alumnado nos niveis de Educación Infantil e Primaria fará uso do uniforme escolar. *(Ver Anexo-1 destas normas onde se describe a composición do uniforme escolar así coma o uniforme para as clases de Educación Física e actividades deportivas).*

Corrección no uso da lingua.

- O Colexio debe velar porque a lingua empregada polos seus alumnos e demais persoal educativo do centro sexa axeitado ao nivel de educación que se pretende transmitir, non permitindo nin tolerando expresións inxuriosas, racistas, sexistas, insultos ou palabras malsoantes que vaian dirixidas contra a institución educativa e/ou o seu ideario, contra calquera dos seus membros (alumnos, educadores-profesores ou persoal de administración e servizos) nin contra ningunha outra persoa que se poida atopar no Colexio dun xeito circunstancial.
- O rexistro lingüístico empregado no desenvolvemento das clases estará suxeito dentro do posible a un emprego formal da lingua, evitando expresión malsoantes ou inapropiadas.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

- Leve Grao - 1:
 - Considérase este grao cando, ata un máximo de dúas veces, non se cumpran as normas anteriores deste apartado.
- Leve Grao - 2:
 - Considérase cando algunha das faltas anteriores volva ser repetida.
- Grave:
 - A consideración desta falta virá dada pola reiteración das faltas anteriores.
 - Portar obxectos, substancias ou produtos perigosos para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
 - Resistirse ou non querer entregar obxectos expresamente prohibidos polo centro ou aqueles obxectos, substancias ou produtos que poidan resultar perigosos para a saúde ou a integridade dos membros da comunidade educativa.
 - Proferir expresións inxuriosas contra a institución educativa e/ou o seu ideario.

- Proferir expresións discriminatorias por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas contra calquera membro da comunidade educativa.

Medidas Correctoras:

- Leve Grao - 1:
 - Sancionárase coa amonestación do profesor e a invitación a que non se volva repetir en posteriores ocasións. Aviso do titor a familia.
- Leve Grao - 2:
 - Poderá ser privado do seu dereito a asistencia ao centro por un período de tempo non superior a 3 días.
 - Poderá ter que realizar tarefas en beneficio da comunidade definidas anteriormente
- Grave: Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

III.4.6 RESPECTO Ó USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

DEFINICIÓN E ESTILO EDUCATIVO

Os profesores e educadores do centro, xunto coa familia, somos os primeiros encargados de transmitir aos nosos alumnos co noso testemuño o correcto emprego de calquera dos aparellos nados ao abeiro das tecnoloxías da información e comunicación.

Convén que aproveitemos espazos e momentos para lles facer reflexionar sobre os avances significativos que supoñen na nosa sociedade todos estes produtos, pero que tamén que sexan conscientes de cando se fai un uso incorrecto e os problemas que trae aparelados; ás veces de menor importancia, como é a interrupción dunha clase, dun acto social... ou moi graves, como son todos aqueles nos que se atenta contra a dignidade ou intimidade das persoas e institucións.

Referente ao uso e emprego de equipos informáticos

Ademais do indicado anteriormente no apartado 4.3 (no que se fai referencia ao respecto ao material do centro), convén destacar tamén o absoluto respecto que debemos ter por calquera dos traballos persoais ou grupais elaborados con calquera medio que poida estar englobado dentro das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

As novas formas de traballo colaborativo e compartido levan a que se poidan compartir con varias persoas un mesmo traballo; polo que o respecto máis exquisito debe estar presente en todo momento tanto nos traballos individuais coma nos colectivos, especialmente naqueles que o profesorado empregue para unha posterior avaliación. En ningún caso deberemos manipular sen permiso das persoas afectadas ningún arquivo e moito menos empregar contrasinais alleos para manipular ou eliminar ditos traballos.

Referente ao uso de móbiles e outros dispositivos electrónicos de comunicación e/ou gravación. (Sacar para evitar confusións o tener que especificar)

Tal e como se recolle no DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro no seu Artigo 19 Punto 4, o alumnado non poderá facer uso de teléfonos móbiles nin doutros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación, gravación ou de calquera outra función (mirar a hora, escoitar música, etc..) en ningunha parte do recinto escolar durante os períodos lectivos. Enténdese por período lectivo todo o tempo que o alumnado permanece no centro ou fóra del en calquera das actividades organizadas por este.

O seu uso estará permitido única e exclusivamente como ferramenta pedagóxica sempre que estea supervisado dito uso polo docente que estea a cargo da actividade. Deste xeito, nas saídas, excursións, e actividades que se realicen fóra do centro, poderá facerse uso soamente cando os responsables de grupo así o indiquen e para aqueles usos que sexan supervisados por estes.

En ningún caso se poderán tomar imaxes da vida colexial (incluíndo excursións, convivencias ou calquera tipo de saídas, actividades extraescolares realizadas dentro ou fóra do centro) nin de documentos do centro de carácter oficial (exames, exercicios ou calquera outra proba escrita), agás naqueles casos nos que o docente autorice expresamente estas gravacións ou imaxes.

Estas gravacións ou imaxes que se autoricen non poderán en ningunha circunstancia publicarse nas redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea (tipo Whastapp ou aplicacións similares) que non sexan de dominio do colexio e estea autorizado expresamente e por escrito polo propio centro.

Naqueles casos nos que o centro ou a persoa responsable autorice, por cuestións pedagóxicas, a gravación de imaxes ou vídeos de actividades escolares ou extraescolares, deberá contar coa autorización previa e por escrito das persoas implicadas ou os seus responsables, no casos dos menores de idade, e velando sempre para que a publicación deses imaxes non atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa ou á intimidade persoal.

No caso de que se faga un uso indebido de calquera dispositivo móbil ou de gravación, este poderá ser requerido por parte de calquera educador, debendo o infractor entregalo á persoa do centro que llo solicite. No momento que algún membro da comunidade educativa teña no seu poder algún destes aparellos, deberá proceder a comunicalo e entregalo a un membro da dirección do centro que o depositara na dirección ata volverllo entregar ao seu dono.

No caso de que un alumno se negue a entregar, por mal uso con respecto ás normas anteriores, algún dos aparellos anteriormente mencionados, deberá saber que *“o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares”*, obrigando ao alumnado *“á inmediata entrega do obxecto que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías”* puidendo recollelo posteriormente nos termos que se recollen na LEI 4/2011, do 30 de xuño sobre a convivencia e participación educativa (DOG, 15 de xullo de 2011) e no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG 27 de xaneiro de 2015) e que tamén quedan explicitados nas medidas correctoras.

Para facilitar o cumprimento desta norma, mellorar a atención e a concentración do alumnado, minimizar os riscos de posibles conflitos de convivencia no centro, e fomentar a comunicación e o diálogo entre o alumnado, cando este traia o seu dispositivo móbil a clase, como norma xeral deberá obrigatoriamente gardalo na súa taquilla ou armario correspondente, á hora de entrada no colexio, e non poderá retiralo hasta á hora de marchar para a casa.

Procedemento cando se retira un teléfono móbil ou calquera outro dispositivo electrónico ou de gravación ao que se refire esta norma.

- A persoa que retire o móbil, e á maior brevidade posible, será a encargada de:
 - > Se llo retira a un alumno ao que lle dá clase (e polo tanto ten acceso á súa ficha na Plataforma Dixital de Comunicación), deberá comunicarllo á familia mediante mensaxe en dita plataforma, e posteriormente deberá avisar ao titor.
 - > Se llo retira a un alumno ao que non lle dá clase, (e polo tanto non ten acceso á súa ficha na Plataforma

Dixital de Comunicación), deberá entregallo ao titor ou titora, e será este quen lle envíe a mensaxe á familia.

- Se a infracción e a posterior retirada do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico se producise ao finalizar a xornada lectiva, a comunicación á familia faríase no seguinte día lectivo de se producir a infracción. No caso dos alumnos maiores de idade a entrega do aparato sería inmediata.
- Non hai por parte do profesorado nin de ningún outro membro da comunidade educativa a obriga de poñerse en contacto coa familia, fóra do horario lectivo, para resolver a devolución destes aparellos, debendo agardar ao seguinte día lectivo para solucionar estes temas.
- O móbil retirado será entregado á coordinadora para que o Equipo Directivo, custodie o aparello ata que o pai, nai ou titor(a) legal, no caso dun alumno menor de idade, se poñan en contacto co titor para comunicarlle a devolución do aparato nos termos indicados no seguinte apartado. No caso dos alumnos maiores de idade, o aparello deberá entregarse ao finalizar a xornada escolar.
- Para a devolución do móbil:

-> no caso de que sexa a primeira vez que se lle retira, os pais deberán establecer contacto coa persoa que lle comunicou a retirada do aparello a través dunha mensaxe na Plataforma de Comunicación que o Centro ten para tal efecto, a través dunha chamada telefónica ou mediante nota manuscrita con data e sinatura.

-> Nas seguintes veces que lle sexa retirado o móbil, os pais deberán vir ao colexio para a devolución e entrevista co titor.

- No caso dos alumnos maiores de idade, deberemos sempre entregarlles o aparato ao final da xornada lectiva, independente das medidas sancionadoras que o centro explicita neste documento.

A este efecto é de obrigado cumprimento o referido no LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa no TÍTULO III, CAPÍTULO I, Artigo 11 sobre a Condición de autoridade pública do profesorado onde di:

“1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for

menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.”

e a súa concreción no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, onde no CAPÍTULO II DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E DASÚA CORRECCIÓN afirma que terá esta consideración:

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

- Leve Grao - 1:
 - Borrar arquivos, programas ou o traballo doutros compañeiros de forma negligente.
 - O intento de acceso a contidos non axeitados para o desenvolvemento do traballo nas aulas.
 - A primeira utilización do móbil, sempre e cando esta infracción non leve aparelado a gravación, manipulación ou difusión por calquera medio (redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea, ou aplicacións semellantes) de imaxes ou mensaxes da vida colexial ou dos seus membros Entenderase tamén como difusión a capacidade de administrar, controlar, eliminar ou borrar contas nas RRSS nas que se difundan eses comentarios, mensaxes ou imaxes.
 - Colaborar en la difusión de imágenes o gravaciones (posando, incitando, animando, etc,) que impliquen el uso del móbil o de dispositivos similares.
 - A primeira interrupción dunha actividade lectiva ou extraescolar por mor da utilización ou mal emprego do teléfono móbil, reloxos intelixentes ou aparellos semellantes, tales como deixar programadas alarmas ou sons, recibir chamadas, mensaxes...
- Leve Grao - 2.
 - Manipular arquivos, programas ou o traballo doutros compañeiros de forma intencionada e/ou reiterada.
 - Utilizar medios telemáticos para mostrar ou enviar mensaxes que poidan ser ofensivas ou irrespectuosas coa institución educativa ou contra algún dos seus membros ou a entidades alleas ao Centro se fosen enviadas dende a rede telemática do Colexio.
 - Uso indebido de contrasinais alleas, sen que exista subtracción delas e sen a realización de actos irrespectuosos ou ofensivos.
 - A reiteración da falta Leve Grao - 1 e/ou a gravación, manipulación ou difusión por calquera medio (redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea, ou aplicacións semellantes) de imaxes ou mensaxes da vida colexial ou dos seus membros que NON ATENTEN contra o dereito á honra, a dignidade da persoa ou a intimidade persoal ou familiar. Dita valoración será feita ben polos

membros do Equipo Directivo, ben polos profesores que lles impartan clases e os titores. Entenderase tamén como difusión a capacidade de administrar, controlar, eliminar ou borrar contidos das contas nas RRSS nas que se difundan eses comentarios, mensaxes ou imaxes.

- Colaborar en la difusión de imágenes o gravaciones (posando, incitando, animando, etc,) que impliquen el uso del móvil o de dispositivos similares.
 - A segunda e posteriores interrupcións dunha actividade lectiva ou extraescolar por mor da utilización ou mal emprego dos teléfonos móbiles, tales como deixar programadas alarmas ou sons, recibir chamadas, mensaxes...
 - O emprego de teléfonos móbiles, reprodutores de son, reloxos multimedia ou calquera outro aparello semellante nas diferentes probas (orais ou escritas) que desvirtúen a correcta e obxectiva avaliación do progreso académico do alumno.
- Grave:
 - A reiteración nos usos e/ou comportamentos definidos no apartado de falta Leve Grao - 2.
 - Utilizar medios telemáticos para realizar accións ou mostrar ou enviar mensaxes que sexan ofensivas ou irrespectuosas moi graves cos membros da comunidade educativa ou entidades alleas ao Centro dende a rede telemática do centro.
 - Suplantación de personalidade e/ou roubo de contrasinais que leve consigo a realización de actos irrespetuosos ou ofensivos, que estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.
 - A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio (redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea, ou aplicacións semellantes) de imaxes ou mensaxes da vida colexial ou dos seus membros que ATENTEN contra o dereito á honra, a dignidade da persoa ou a intimidade persoal ou familiar. Entenderase tamén como difusión a capacidade de administrar, controlar, eliminar ou borrar contidos das contas nas RRSS nas que se difundan eses comentarios, mensaxes ou imaxes

Medidas correctoras:

- Leve grado 1:
 - Amonestación e diálogo co profesor da aula, pedir desculpas ante o propietario (propietarios) do material e compensación do dano pudiendo realizar tarefas de apoio á persoa ou grupo afectado.
 - Amonestación e diálogo co profesor da aula e posible privación temporal (non superior a dez días lectivos) do uso de equipos informáticos.
 - Poderá ter que realizar tarefas en beneficio da comunidade.
 - Aviso ao alumno por parte do profesor e/ou titor facéndolle ver o uso racional e correcto destes aparellos e as consecuencias de se volver repetir esta actuación.
 - Retirada do aparello (puidendo entregárle, no caso dos teléfonos móbiles, a tarxeta SIM sempre que sexa accesible) e aviso á familia por medio da plataforma informática de comunicación. A dirección do centro custodiará o aparello ata que o pai, nai ou titor(a) legal, no caso dun alumno menor de idade, se poñan en contacto co titor para comunicarlle a devolución do aparato, nos termos

indicados no apartado anterior no que se indica o “PROCEDEMENTO CANDO SE RETIRA UN TELÉFONO MÓBIL OU CALQUERA OUTRO DISPOSITIVO ELECTRÓNICO AO QUE SE REFIRE ESTA NORMA”. No caso dos alumnos maiores de idade, o aparello deberá entregarse ao finalizar a xornada escolar, a actividade complementaria ou extraescolar, independente do aviso á familia sempre que non haxa orde contraria da suxeito maior de idade

- Leve Grado - 2:
 - Entrevista co titor e/ou coordinador de etapa e comunicación á familia con entrevista, pedindo desculpas ante o propietario(s) do material e compensación do dano realizando tarefas de apoio á persoa ou grupo afectado, puidendo realizar tarefas de apoio a comunidade educativa.
 - Entrevista co titor e/ou coordinador de etapa e comunicación á familia con entrevista, pedir desculpas publicamente ante a persoa ou institución afectada e realización de tarefas de apoio a comunidade educativa.
 - Pódese considerar en ámbolos dous casos a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro e/ou a actividades complementarias por un período non superior a tres días.
 - Poderá ter que realizar tarefas en beneficio da comunidade.
 - Retirada do aparello (puidendo entregárllle, no caso dos teléfonos móbiles, a tarxeta SIM sempre que sexa accesible) e entrevista coa familia, custodiando a dirección do centro o aparello ata que o pai, nai ou titor(a) legal, no caso dun alumno menor de idade, pasen a recollelo polo centro, segundo o indicado no “PROCEDEMENTO CANDO SE RETIRA UN TELÉFONO MÓBIL OU CALQUERA OUTRO DISPOSITIVO ELECTRÓNICO AO QUE SE REFIRE ESTA NORMA”. No caso dos alumnos maiores de idade, o aparello deberá entregarse ao finalizar a xornada escolar, a actividade complementaria ou paraescolar.
 - Retirada inmediata das imaxes ou calquera contido multimedia das redes sociais.
 - Pedir desculpas publicamente ante a(s) persoa(s) afectadas.
 - Realización de servizos á comunidade Educativa. Estes servizos estarán en función da gravidade dos feitos, sendos estes valorados por unha comisión na que estará un membro do Equipo Directivo.
 - Poderá ser privado do dereito de asistencia ao Centro por un período non superior a tres días.
- Grave:
 - Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.
 - Denuncia da situación ante a Xustiza se así o considera a persoa afectada, ou se a tipoloxía da falta obriga ó Colexio a poñelo en coñecemento da Xustiza.

III.4.7 RESPECTO Ó COIDADADO DA SAÚDE

ESTILO E DEFINICIÓN

O Centro pretende seguir e facer cumprir tódalas consideración que sobre o consumo de substancias tóxicas e alcohol se non fan chegar tanto do Goberno Central coma do Goberno Autonómico.

A este respecto, ademais do indicado na lexislación de obrigado cumprimento, o Colexio aposta e pon en valor en todos os seus ámbitos e en tódalas actividades programadas a a vida saudable do seu alumnado, sendo este un tema que acotío se trata todos os anos nos Plan de Acción Titorial.

A este respecto temos que saber que está totalmente prohibido fumar en tódalas instalacións do centro escolar, así coma nas actividades extraescolares/paraescolares, tanto no horario escolar coma fóra del tal como se ordena no BOE na Lei 42/2010, de 30 de decembro de 2010, tamén coñecida coma “Lei Antitabaco en España”

Cabe recordar neste punto que segundo esta mesma lei terá a consideración de falta *“Portar cualquier objeto, sustancia o producto expresamente prohibido por las normas del centro que sea peligroso para la salud o integridad personal del alumnado o de los demás miembros de la comunidad educativa, o que perturbe el normal desarrollo de las actividades docentes, complementarias o extraescolares, cuando no constituya conducta gravemente perjudicial para la convivencia de acuerdo con el apartado j) del artículo 15 de la Ley 4/2011.*

Así mesmo tampouco se pode portar, consumir nin traficar dentro do Centro Escolar con ningún tipo de substancia tóxica ou estupefaciente nin está permitido permanecer no centro baixo o efecto de substancias que poidan afectar ó esperable comportamento individual do alumnado, ou que puidese afectar a sana convivencia ou ó clima de convivencia no centro.

TIPOLOXÍA DAS FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

Considérase Falta

Leve Grao - 1:

- A primeira infracción por consumir tabaco dentro do recinto escolar.

Leve Grao - 2:

- O consumo reiterado de tabaco dentro do recinto escolar.

Grave:

- O incumprimento reiterado de faltas Leves.
- Consumir e / ou traficar con substancias tóxicas (cannabis, pastillas, cocaína, etc.) dentro do centro ou en calquera das actividades extraescolares ou complementarias que se realicen fóra do centro.
- Consumir alcohol no centro ou en calquera das actividades extraescolares ou complementarias.
- Acudir ao centro ou a calquera das actividades extraescolares ou complementarias que este realice baixo os efectos do alcohol ou substancias tóxicas.

Medidas Correctoras:

Falta Leve Grao - 1

- Amoestación do educador, profesor ou titor e aviso á súa familia.
- Posibilidade de realización de calquera traballo social ou informativo que redunde en ben da comunidade.

Falta Leve Grao - 2

- Amonestación do Director, comunicación á familia e decisión de suspensión temporal do dereito de asistencia a actividades relacionadas co ámbito educativo (complementarias ou extraescolares)
- Decisión de suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un prazo non superior a tres días.
- Grave: Procedemento conciliador, e senón prospera, procedemento común. Segundo se indica na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro.

A este efecto é de obrigado cumprimento o referido no LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa no TÍTULO III, CAPÍTULO I, Artigo 11 sobre a Condición de autoridade pública do profesorado onde di:

“1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou

extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.”

e a súa concreción no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, onde no CAPÍTULO II DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E DASÚA CORRECCIÓN afirma que terá esta consideración:

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

III.4.8 RESPECTO Ó DEREITO A FOLGA DO ALUMNADO.

Ningún texto normativo regula o dereito á folga dos estudantes do ensino grado. A única disposición legal que contempla a cobertura das decisións colectivas sobre non-asistencia á clase recóllese no artigo 8 de la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación, según la redacción dada por la disposición final primera de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 mayo, de Educación, que transcribimos:

Artículo octavo.

Se garantiza en los centros docentes el derecho de reunión de los profesores, personal de administración y de servicios, padres de alumnos y alumnos, cuyo ejercicio se facilitará de acuerdo con la legislación vigente y teniendo en cuenta el normal desarrollo de las actividades docentes.

A fin de estimular el ejercicio efectivo de la participación de los alumnos en los centros educativos y facilitar su derecho de reunión, los centros educativos establecerán, al elaborar sus normas de organización y funcionamiento, las condiciones en las que sus alumnos pueden ejercer este derecho. En los términos que establezcan las Administraciones educativas, las decisiones colectivas que adopten los alumnos, a partir del tercer curso de la educación secundaria obligatoria, con respecto a la asistencia a clase no tendrán la consideración de faltas de conducta ni serán objeto de sanción, cuando éstas hayan sido resultado del ejercicio del derecho de reunión y sean comunicadas previamente a la dirección del centro.

1. Do artigo anterior podemos concluír que o único que se regula na LODE son as condicións nas que, cumprindo determinados requisitos, as decisións dos alumnos non terán a consideración de faltas de conduta nin poderán ser obxecto de sanción, e que son:

- A. Que se trata de alumnos ou alumnas a partir do 3o curso da ESO.
- B. Que as decisións de non-asistencia se adopten COLECTIVAMENTE.
- C. Que dita decisión colectiva se lle comunique PREVIAMENTE á dirección do centro.

En Galicia esta lexislación non foi obxecto de desenvolvemento, polo que non está regulado nin o prazo nin o xeito de facer a comunicación, nin as condicións para a validez das decisións colectivas. Posto que este asunto polo xeral non está regulamentado tampouco no RRI, cada centro deberá valorar no su caso se concorren os requisitos da LODE.

2. De non axustarse a estas condicións fixadas na lei, calquera ausencia do alumnado do centro, sen a xustificación pertinente, terá a consideración dunha FALTA DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADA, e os centros deberán actuar como adoiten facer ante a falta de asistencia de calquera alumno ou alumna. O artigo 7 da Lei de Convivencia e Participación recolle entre os deberes do alumnado o deber de “asistir á clase con puntualidade”.

Convén ter en conta neste eido, e así deben sabelo as familias, que segundo a sentenza da Sección IV da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 18/12/2014, **“no cabe someter a autorización previa de los padres el derecho de los alumnos a partir de 3º de la eso de decidir**

colectivamente la inasistencia a clase”

Tendo todo isto en conta o Colexio decide establecer o seguinte procedemento nestes casos:

- O Colexio entenderá como Decisión Colectiva para acudir á folga convocada, aquela decisión que sexa comunicada polo conxunto dos delegados de sección e de curso, tras reunión e acta da mesma, e que conte co respaldo de máis do 50% do alumnado de cada curso a partir de 3ºESO. Este respaldo acreditarase pola presentación en tempo e forma das firmas con nome, apelidos (e DNI se houbese) do alumnado a Dirección do Centro.
- O Colexio entenderá como PREVIAMENTE unha antelación de 15 días. Polo que 15 días antes do día de folga deberá entregarse á Dirección do Centro a comunicación dos delegados, así como as firmas que acrediten a adhesión á folga de máis do 50% do alumnado.
- O Colexio, de concurrir as condicións para que a ausencia de clase non sexa calificada como ausencia inxustificada, garantirá en todo momento a atención ó horario habitual e comunicará a través da plataforma ás familias a ausencia do seu fillo/a aínda que ésta non sexa tida en conta como “inxustificada”.
- Co fin de garantir o normal proceder do colexio na súa rutina habitual, e por seguridade e control, o alumnado que conorra á folga non deberá vir ó colexio en todo o día para non distorsionar o normal transcorrer das clases dos seus compañeiros.
- Aínda que non cabe solicitar autorización á familia, o Centro agradecerá, para garantir a seguridade, control e custodia do alumnado, que a familia do alumnado en cuestión comunique ó seu tutor a previsible ausencia.

Sen prexucio dos dereitos que asistan ó alumnado, o Centro quere deixar claro que educativamente entendemos que hai moitas causas susceptibles de ser esixidas e reivindicadas, por xusticia e solidariedade. Consideramos así mesmo, que estas causas poden ser defendidas de moitos xeitos ó longo de todo o ano, e incluso o mesmo día de folga sin que este feito teña que afectar o normal cumprimento das súas obrigas e responsabilidades como alumnos e alumnas.

Queremos facer por tanto unha chamada ó alumnado e as súas familias para dialogar responsablemente sobre as decisións a tomar neste tipo de situacións co fin de as mesmas sexan froito dunha reflexión madura e responsable, e non de aproveitar unha oportunidade para faltar á clase, deslexitimando deste xeito tanto a importancia do dereito á folga da cidadanía como a propia causa reivindicada que non debe ser instrumento para conquistar outros obxectivos que nada teñen que ver coa causa a reivindicar.

III.4.8 RESPECTO A APLICACIÓN DAS NORMAS NO BACHARELATO

A etapa de Bacharelato no Colexio Apóstol Santiago é unha etapa educativa de carácter privado, e polo tanto, sempre dentro do marco normativo no que se enmarca a etapa na lexislación estatal e autonómica, e atendendo a autonomía dos centros educativos para a toma de decisións, entendemos que podemos e debemos concretar e adaptar as Normas de Convivencia do Centro para esta etapa.

Como norma xeral e como expresión da coherencia do centro educativo, as normas que rixen a convivencia do centro serán as mesmas para todo o colexio, independentemente das etapas.

Nembargantes, o carácter privado e postobligatorio do Bacharelato no noso centro implica que haxa algunhas situacións que poidan requirir un tratamento específico.

Sobre a escolarización na etapa obrigatoria

Dado o carácter privado do Bacharelato no Colexio Apóstol Santiago, o centro gárdase o dereito a aceptar ou non as solicitudes de escolarización ou renovación de matrícula nesta etapa se considera que por motivos académicos, de comportamento ou organizativos a escolarización non fose oportuna, e todo isto salvagardando o dereito á non discriminación por motivos relixiosos, étnicos, sexuais ou de calquera outra índole que atente contra a dignidade das persoas.

Sobre a asistencia a clase.

- Independentemente da idade ou modalidade que o alumnado de Bacharelato estea a cursar, a asistencia a tódalas clases, con normalidade e regularidade, é obrigatoria. Este é un compromiso que o alumnado e a súa familia adquiren cando se matriculan no Bacharelato e que como tal debe ser entendido.
- Incluso no caso de repetición de 2º BACHARELATO pola modalidade que permita matricularse soamente das materias suspensas, o alumnado matriculado no noso centro deberá asistir, no horario habitual á clase, para garantir un axeitado e ordenado funcionamento no centro, un máximo aproveitamento do tempo e cultivar unha responsable actitude cara ó estudio.
- O alumnado non poderá ausentarse en ningún momento do centro sen a autorización do profesor, titor, ou coordinador responsable ou noutro educador en quen delegue previa comunicación ca familia, e deberá respectar o completo cumprimento do horario habitual establecido.

Unha ausencia non xustificada nun trimestre terá a consideración de falta leve de grao 1

Dúas ausencias non xustificadas nun mesmo trimestre terán a consideración de falta leve grao 2. Máis de dúas ausencias non xustificadas nun mesmo trimestre terán consideración de falta grave. Poner referencia para encontrar la tipología de las faltas

A reiteración de ausencias non xustificadas ó longo do curso poderá implicar a baixa definitiva e a expulsión do centro se o colexio non percibe que a adopción das medidas previas, citadas con anterioridade, teñen modificado de forma máis que significativa a actitude do alumnado implicado.

A estes efectos, o concepto de falta non xustificada virá regulado polo propio Plan de Convivencia, e concretamente polo recollido nesta normativa do Colexio no seu apartado IV.1. *Puntualidade e asistencia ás clases, actividades e actos do centro educativo*. O centro, en tanto que privado nesta etapa, resérvase a potestade de non xustificar aquelas faltas se entende que o alumnado ou a súa familia están obrando con arbitrariedade na xustificación das mesmas.

CAPÍTULO - IV:

SOBRE A UTILIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

1.- DEFINICIÓN E ESTILO EDUCATIVO

É un desexo, e unha forma de entender a educación de todos os que forman a comunidade educativa do Colexio Apóstol Santiago, que os seus alumnos sintan coma propio o centro no que se forman, xogan, educan e pasan a maior parte do seu tempo. Para isto o colexio facilita e pon a súa disposición unha serie de espazos, tempos e actividades dentro e fóra do horario escolar.

O uso destes espazos precisa tamén dun horario que regule calquera das diferentes actividades que se poden facer, de xeito que se faga un aproveitamento racional por parte de todos os usuarios.

2.- ENTRADAS AO CENTRO E SAÍDAS

A **ENTRADA E SÁIDA** ao Centro do alumnado e das familias será polas zonas habilitadas e comunicadas para cada etapa.

No caso dos alumnos que cheguen tarde ao centro accederán ó mesmo pola entrada principal de Recepción.

A persoa que precise acceder aos Servizos de Secretaría e Administración, entrevistas, ou calquera outra actividade planificada polo centro, deberá facelo pola Porta de Recepción.

As familias non poderán acceder as aulas, patios, corredores das aulas ou calquera outra instalación do Centro no horario escolar salvo casos moi excepcionais que deben comunicarse con antelación e pedindo permiso na recepción do Colexio.

No caso de que un alumno ou alumna precise abandonar o centro antes de rematar o horario escolar, deberá facelo pola Porta de Recepción do centro, que será informada previamente polo titor ou persoa responsable.

3. SOBRE OS HORARIOS DE PRESENCIA NO CENTRO.

1. El Colegio habilitará el Servicio de Madrugadores desde las 07:30 de la mañana para el alumnado de Educación Infantil y Educación Primaria.
2. Para el alumnado de ESOBACH las puertas se abrirán a las 07.45 (y a las 16.00 el martes)
3. Para la entrada y salida del alumnado de EIEP las puertas se abrirán 10-15 minutos antes de la entrada/salida de clase y el aparcamiento de familias 25-30 min antes de la entrada en clase.
4. Al mediodía, excepto el tiempo necesario para la salida de ESO-BACH, las puertas del Centro permanecerán cerradas para garantizar la seguridad y custodia del alumnado usuario de comedor.

5. El alumnado que no abandone el Centro en su horario de salida a mediodía, sea de la etapa que sea, quedará inmediatamente bajo la custodia y responsabilidad del Servicio de Comedor.

6. No está permitido comer en el patio del Colegio en el horario de Comedor.

7. Excepto los martes, que estarán bajo custodia hasta la entrada en clase a las 16.15, el alumnado de ESOBACH que a partir de las 15.10 no esté en ninguna actividad programada, y quiera permanecer en el Centro, obligatoriamente, deberá hacerlo en la Biblioteca del mismo para no distorsionar el normal funcionamiento del horario de EI y EP. Lo hará en la Biblioteca del Colegio, desde la entrada (15.15h) hasta la salida de sus compañeros de EIEP (17.00h). Por otra parte, al finalizar la comida, excepto los martes nuevamente, podrán abandonar el Centro Escolar siempre y cuando no tengan ninguna actividad colegial posterior, lectiva o no, y siempre bajo la responsabilidad de sus familias. Todos los q comen en comedor de ESOBACH se les asignará una zona vigilada por monitores hasta las 16.15 los martes y hasta las 15.10 el resto de días, que irán a actividad programada o a la Biblioteca.

8. Bajo ningún concepto ningún alumno podrá salir del Colegio y volver a entrar para comer en el interior de sus instalaciones. Todas estas medidas están encaminadas a procurar garantizar las máximas garantías de seguridad y custodia de nuestro niños y niñas, especialmente los más pequeños; así como a fomentar unos hábitos alimenticios saludables y educativos.

4.- ACCESO EN VEHÍCULO PROPIO AO CENTRO E APARCADOIRO DE FAMILIAS:

4.1.- ESPAZOS DESTINADOS AO APARCAMENTO

Dende as 08.45 ata as 19.30, o aparcadoiro da entrada principal do Centro é de uso preferente e exclusivo de traballadores, provedores e colaboradores do Colexio, e de autobuses, polo que as familias e os alumnos non poderán facer uso deste aparcadoiro para as entradas e saídas do alumnado, salvo servicio de madrugadores que si terá habilitado este aparcamento.

Se acceden ao Centro en coche deberán facer uso, nos horarios establecidos, do aparcadoiro reservado para familias.

O Centro non se fai responsable dos danos e/ou roubos que se produzan nos vehículos alí estacionados e tampouco dos que se produzan nas motos, bicicletas ou vehículos cos que os alumnos accedan ao Centro.

O Centro resérvase o dereito de restrinxir ou pechar esta instalación para este uso cando o considere oportuno.

Un mal uso do mesmo por parte dunha familia ou alumno pode supor a privación de uso deste servizo.

4.2.- USO DE MOTOS E BICICLETAS POR PARTE DO ALUMNADO NO RECINTO ESCOLAR

Os alumnos que accedan ao colexio en moto ou bicicleta deben aparcalas no aparcadoiro de familias;

nunca no aparcadoiro da entrada principal.

Dentro dos patios non se pode facer uso de motos, bicicletas, monopatíns, patíns ou similares.

Se por calquera razón excepcional fose preciso levar unha moto ou bicicleta polos patios, deben ser levadas sen acender ata o aparcadoiro, estando prohibido circular por todo o recinto do colexio tanto en moto coma en bicicleta.

En caso de accidente, perda ou desperfecto, a responsabilidade é exclusivamente do dono do vehículo

5.- USO DO COMEDOR ESCOLAR

Para o uso do comedor escolar atenderáse a Normativa específica deste servizo complementario.

5.1.- CUESTIÓNS XERAIS DE USO

- Os alumnos poderán asistir ao comedor sempre que estean dados de alta neste servizo na forma, tempos e prazos que marque o centro educativo cada curso escolar.
- Poderá asistir esporádicamente avisando con anterioridade ó servizo de comedor segundo o procedemento establecido.
- Ningún alumno pode asistir ao comedor sen que estea nas listas
- As familias poden comer puntualmente cos seus fillos avisando previamente da súa asistencia para poder facer unha adecuada planificación de menú, según procedemento establecido.
- A falta de pago deste servizo suporá a privación do uso do mesmo.
- Ningún alumno pode deixar de asistir ao comedor sen comunicación previa da familia.
- En caso de que o alumno presente intolerancias, alerxias, calquera tipo de trastorno alimenticio ou dieta específica por prescripción médica, as familias deberán comunicalo por escrito ao titor e o responsable do comedor polos procedementos establecidos.

5.2.- CHEGADA AO COMEDOR

Ao saír das aulas os alumnos de comedor deben dirixirse ao patio do comedor e o frontón, onde esperarán a ser chamados para o acceso o comedor. Respetarase a orde por cursos, entrarase en filas e evítaranse as aglomeracións.

A entrada ao comedor deberá facerse unicamente pola porta que comunica co corredor do patio.

5.3.- DURANTE A COMIDA

- Salvo xustificación médica, haberá que comer de todo o establecido no menú do día.
- Cada alumno ou alumna comerá o que lle sirvan.
- Non está permitido xogar nin tirar ou esconder a comida
- No comedor gardaranse as normas básicas de educación: sentaranse onde lles indiquen os educadores e correctamente, gardarán respecto e bos modais na mesa, coidarán de falar nun volume

de voz adecuado.

- En ningún caso se pode sacar comida do comedor.
- Gardarán a debida atención para escoitar e cumprir as indicacións dos educadores do comedor.
- O acabar de comer ensinarán a súa bandexa o educador que lles corresponda.
- No comedor non está permitido correr nin entrar e saír continuamente del.
- Unha vez que acaben de comer, os alumnos e alumnas dirixiranse as seguintes zonas en función das súas idades e actividades:
 - Actividades paraescolares (Frontón)
 - Gardería
 - Biblioteca
 - Patio do comedor (se chove, ao frontón ou a biblioteca, ou onde os monitores indiquen)

O incumprimento das normas pode supor a prohibición do uso deste servizo ben durante un tempo ou dun xeito definitivo.

6.- USO DE AUTOBÚS

Para o uso do transporte escolar atenderáse a Normativa específica deste servizo complementario.

6.1- CUESTIÓN XERAIS DE USO

- Os alumnos poderán facer uso do servizo de autobús sempre que estean dados de alta neste servizo na forma, tempos e prazos que marque o centro educativo cada curso escolar.
- Os alumnos de autobús deberán levar sempre “pase de autobús” (que se facilitará na secretaría do Centro) e claramente especificada a parada onde os recollerán.
- Calquera modificación no uso deste servizo debe ser comunicada a Secretaría do Centro nos debidos prazos e si supón un cambio na rutina do alumnado debe comunicarse por escrito aos titores ou titoras dos mesmos.
- A falta de pago deste servizo suporá a privación do uso do mesmo.
- No servizo de autobús rexirán a mesmas normas de convivencia redactadas neste documento para as actividades colexiais engadindo estas como específicas:
- Sentaranse na orde e nos lugares que indique a educadora, farano de xeito correcto e facendo uso das medidas de seguridade (cinturón).
- Só poderán levantarse cando o autobús esté parado na parada correspondente a súa para apearse do mesmo.

O incumprimento das normas pode supor a prohibición do uso deste servizo ben durante un tempo ou dun xeito definitivo.

7.- USO DA BIBLIOTECA

O servizo de Biblioteca poderá ser empregado polo alumnado do Centro dende ás 13:30 ata as 19:00 horas de Outubro a Maio.

No tempo de mediodía atenderase as normas específicas para este tempo e para o comedor, que se desenvolven no seguinte apartado

Deberá gardarse un adecuado respecto aos encargados da biblioteca, ao ambiente de traballo e ás normas de utilización e coidado dos libros e materiais da mesma.

III.4.10- Decálogos de estilo para las aulas.

ANEXO - I

DESCRIPCIÓN DO UNIFORME ESCOLAR E DO UNIFORME PARA AS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- As alumnas e alumnos do Colexio Apóstol Santiago, nos seus niveis de Educación Infantil e Primaria, farán uso do uniforme escola. Dito uniforme estará composto polos seguintes elementos:
 - Saia plisada, de tea a cadros, coas cores do Colexio e con tirantes que presenta na parte dianteira forma de “H” e forma de “X” na parte traseira (A partir de 3º de primaria poden levala sin tirantes), ou pantalón gris, curto ou longo segundo a época do ano.
 - Polo de cor branca de manga longa ou curta.
 - Xersei azul escuro con colo en pico e co escudo do Colexio.
 - Calzado: Zapatos ou botas negros ou azul marino.
 - Medias, leotardos ou calcetíns en cor azul escuro.
 - Peza de abrigo azul escuro. No caso doutros elementos de abrigo (bufandas, gorros, colos...) non se deberán levar postas dentro das aulas.
 - No caso do alumnado de Educación Infantil tamén é obrigatorio como parte deste uniforme o mandilón do Colexio a cadros, aberto por diante e co escudo.
 - No caso dos alumnos de Educación Infantil só empregará o chándal como uniforme, e o mandilón.

Para as clases de Educación Física:

- ★ En Educación Infantil e Primaria é obrigatorio o uso do chándal do colexio que será azul escuro, vermello e branco, co escudo do colexio no suadoiro e as letras identificativas na perneira esquerda do pantalón longo e o escudo no pantalón curto. A camiseta é branca con vermello e o escudo do colexio. O calzado, cando utilizan o chándal, ten que ser deportivo branco ou azul marino, non estando permitido outro tipo de calzado nin outra cor.
- ★ En Educación Secundaria e Bacharelato, terase que empregar ben o chándal oficial do colexio (calquera deles), ben un pantalón de deporte, curto ou longo, de cor azul marina e camiseta branca.